EXERCICIOS DE APOIO UNIDADE 7. 7ª QUINCENA

Completa as seguintes frases:

1. Despois da Guerra, Galicia queda encadrada no bando _____ ou _____, asegurándose así os _____ unha zona especialmente importante para o abastecemento de _____.

2. .A resistencia ao franquismo en Galicia está representada polos _____ ou _____, polas _____ Gallegas e polos _____.

3. Durante o réxime franquista o uso do _____ é perseguido e a cultura galega so é considerada nos seus aspectos _____ e _____.

4. As xerarquías eclesiásticas xustifican a Guerra Civil como unha _____ fronte aos inimigos de España e fronte ao _____ e o _____.

5. Durante a ditadura a oligarquía financeira enriqueceuse coa _____ e _____ e co control das grandes _____ públicas.

6. A oposición ao franquismo atópase nas organizacións _____ pero tamén nos medios _____ e _____ e, a partir do _____ , no seo da Igrexa.

7. Na oposición política no exilio destaca a figura de _____ e, a partir de 1950, imponse unha vía máis cultural liderada por _____, a editorial _____ e a revista _____.

8. Os dous partidos mais destacados que xorden ao longo dos anos sesenta son o _____e a_____.

9. O forte incremento de traballadores nas factorías galegas, xunto á colaboración do _____ favorece a expansión do _____.

10. Durante os anos corenta e cincuenta a escaseza de bens provoca a súa _____, o _____ drástico dos alimentos e o aumento do _____ e o mercado _____.

11. A implantación dunha política agraria planificada a favor do _____ e o _____ doutras rexións peninsulares, supón o sacrificio da consolidación da _____ galega.

12. Na etapa autárquica, un dos sectores modernizadores durante a primeira metade do século XX, o sector _____, inicia unha vertixinosa caída pero outros como a _____, a

_____ e a industria _____ gozan dunha notable expansión.

13. .Despois de 1959, o réxime favorece a conversión gradual da economía rural tradicional, baseada no _____, nunha actividade _____ na produción de _____ e _____.

14. Nas décadas dos sesenta e setenta a pesca galega vive unha situación _____ debido ao incremento de _____ de pescado e tamén as melloras nas _____ de _____, a conquista de novos _____ e a introdución de novas _____.

15. En xeral, a maior parte das novas industrias crean poucos POSTOS de _____ en relación ao _____. So podemos falar de dúas excepcións: _____ e a _____.

16. A emigración oriéntase agora cara _____ e é permanece fóra menos tempo, envía numerosas divisas e inviste en _____ nas cidades.

17. Na etapa do desarrollismo, as principais cidades galegas experimentan un _____ moi significativo, destacando os casos de_____, _____ e _____.

18. Nos anos setenta difúndese o _____ e a _____ e esténdense servizos públicos como a _____ de _____, o tendido de _____, o _____ e a _____ de _____.

19. _____ e _____ son dous aspectos especialmente controlados pola ditadura e a _____ é a arma utilizada con frecuencia para anular todas aquelas formas de expresión contrarias.

20. No ámbito da saúde, vanse introducindo os _____ e as _____ obrigatorias e na década dos _____ consolídase a asistencia _____.

Solucións:

1. Despois da Guerra, Galicia queda encadrada no bando FRANQUISTA ou NACIONAL, asegurándose así os SUBLEVADOS unha zona especialmente importante para o abastecemento de TROPAS.

2. A resistencia ao franquismo en Galicia está representada polos FUXIDOS ou ESCAPADOS, polas MILICIAS Gallegas e polos GUERRILLEIROS.

3. Durante o réxime franquista o uso do GALEGO é perseguido e a cultura galega so é considerada nos seus aspectos EXTERNOS e FOLCLÓRICOS.

4. As xerarquías eclesiásticas xustifican a Guerra Civil como una CRUZADA NACIONAL fronte aos inimigos de España e fronte ao MARXISMO e o ATEÍSMO.

5. Durante a ditadura a oligarquía financeira enriqueceuse coa ESPECULACIÓN URBANÍSTICA e BURSÁTIL e co control das grandes CORPORACIÓNS INDUSTRIAIS públicas.

6. A oposición ao franquismo atópase nas organizacións POLÍTICAS pero tamén nos medios INTELECTUAIS e UNIVERSITARIOS e, a partir do VATICANO II, no seo da Igrexa.

7. Na oposición política no exilio destaca a figura de CASTELAO e, a partir de 1950, imponse unha vía máis cultural liderada por RAMÓN PIÑEIRO, a editorial GALAXIA e a revista GRIAL.

8. Os dous partidos mais destacados que xorden ao longo dos anos sesenta son o PARTIDO SOCIALISTA GALEGO e a UNIÓN DO POBO GALEGO.

9. O forte incremento de traballadores nas factorías galegas, xunto á colaboración do PARTIDO COMUNISTA favorece a expansión do MOVEMENTO OBREIRO.

10. Durante os anos corenta e cincuenta a escaseza de bens provoca a súa CARESTÍA, o RACIONAMENTO drástico dos alimentos e o aumento do ESTRAPERLO e o mercado NEGRO.

11. A implantación dunha política agraria planificada a favor do CEREAL e o OLIVAR doutras rexións peninsulares, supón o sacrificio da consolidación da GANDERÍA galega.

12. Na etapa autárquica, un dos sectores modernizadores durante a primeira metade do século XX, o sector CONSERVEIRO, inicia unha vertixinosa caída pero outros como a PESCA, a CONSTRUCIÓN DE BARCOS e a industria FRIGORÍFICA gozan dunha notable expansión.

13. .Despois de 1959, o réxime favorece a conversión gradual da economía rural tradicional, baseada no AUTOCONSUMO, nunha actividade ESPECIALIZADA na produción de CARNE e LEITE.

14. Nas décadas dos sesenta e setenta a pesca galega vive unha situación FAVORABLE debido ao incremento de CONSUMIDORES de pescado e tamén as melloras nas REDES de DISTRIBUCIÓN, a conquista de novos CALADOIROS e a introdución de novas TÉCNICAS.

15. En xeral, a maior parte das novas industrias crean poucos POSTOS de TRABALLO en relación ao CAPITAL INVERTIDO. So podemos falar de dúas excepcións: CITRÖEN e a CONSTRUCIÓN NAVAL.

16. A emigración oriéntase agora cara EUROPA e é permanece fóra menos tempo, envía numerosas divisas e inviste en BENS INMOBLES nas cidades.

17. Na etapa do desarrollismo, as principais cidades galegas experimentan un CRECEMENTO moi significativo, destacando os casos de FERROL, A CORUÑA e VIGO.

18. Nos anos setenta difúndese o FRIGORÍFICO e a LAVADORA e esténdense servizos públicos como a TRAÍDA de AUGAS, o tendido de LUZ ELÉCTRICA, a REDE DE SUMIDOIROS e a RECOLLIDA de LIXO.

19. EDUCACIÓN e CULTURA son dous aspectos especialmente controlados pola ditadura e a CENSURA é a arma utilizada con frecuencia para anular todas aquelas formas de expresión contrarias.

20. No ámbito da saúde, vanse introducindo os ANTIBIÓTICOS e as VACINAS obrigatorias e na década dos SESENTA consolídase a asistencia SANITARIA.